

### 3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

#### 3.1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O alumnado é informado de como recuperar a materia pendente ao longo do curso (véxase programación).

De non acadar a puntuación requerida, deberá superarse a materia a través da avaliación ordinaria no mes de maio. A nota da proba escrita que se realizará en maio representará o 100% da calificación final, esta proba constará de exercicios, cuestións e/ou preguntas de distinta tipoloxía que recollerán os aspectos máis importantes da asignatura e estarán baseados sempre nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Considerase a materia superada si acada unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non supere a asignatura na convocatoria ordinaria poderá presentarse a unha convocatoria no mes de xuño. A nota da proba escrita que se realizará en xuño representará o 100% da calificación final, esta proba constará de exercicios, cuestións e/ou preguntas de distinta tipoloxía que recollerán os aspectos máis importantes da asignatura e estarán baseados sempre nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Considerase a materia superada si acada unha nota igual ou superior a 5.

#### 3.2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

3.2.1. Para aquel alumnado da ESO que ao rematar a terceira avaliación teña a materia superada, proporanse actividades de ampliación que se ponderarán do seguinte xeito:

75% da nota media aritmética das tres avaliacións.  
25% actividades de ampliación.

Para aquel alumnado que ao rematar a terceira avaliación non teña a materia superada, proporanse actividades de reforzo e probas de recuperación das distintas avaliacións.

Estas actividades deberán ser feitas e entregadas en tempo e forma segundo as orientacións do profesorado e o seu peso será o 25%. En canto as probas, constarán de exercicios, cuestións e/ou preguntas de distinta tipoloxía que recollerán os aspectos máis importantes de cada unha das avaliacións e estarán baseados sempre nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación e o seu peso será o 75% sempre e cando a nota de dita proba sexa igual ou superior a 5.

\*No caso de ter unha soa avaliación suspensa, se nesta única avaliación suspensa a nota foi 4 ou superior, farase a media aritmética do curso con esta nota sen necesidade de facer a recuperación desa avaliación (como xa se indicou, dita nota media deberá ser 5 ou superior para ter superada a asignatura).

3.2.2. Para aquel alumnado que curse a ESO, a través dun Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR), ao rematar a terceira avaliación teña a materia superada, proporanse actividades de ampliación que se ponderarán do seguinte xeito:

75% da nota media das tres avaliacións.  
25% actividades de ampliación.

Para aquel alumnado que ao rematar a terceira avaliación non teña a materia superada, proporanse actividades de reforzo e probas de recuperación das distintas avaliacións.

Estas actividades deberán ser feitas e entregadas en tempo e forma segundo as orientacións do profesorado e o seu peso será o 40%. En canto as probas, constarán de exercicios, cuestións e/ou preguntas de distinta tipoloxía que recollerán os aspectos máis importantes de cada unha das avaliacións e estarán baseados sempre nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación e o seu peso será o 60% sempre e cando a nota de dita proba sexa igual ou superior a 5.

\*No caso de ter unha soa avaliación suspensa, se nesta única avaliación suspensa a nota foi 4 ou superior, farase a media aritmética do curso con esta nota sen necesidade de facer a recuperación desa avaliación (como xa se indicou, dita nota media deberá ser 5 ou superior para ter superada a materia).

### **3.3. Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

O alumno/a que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria deberá facer unha proba escrita extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación superada.

Esta proba escrita constará de exercicios, cuestións e/ou preguntas de distinta tipoloxía que recollerán os aspectos máis importantes de cada unha das avaliacións e estarán baseados sempre nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación.

Durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria farase un repaso orientado a resolución de dúbidas e afianzamento de conceptos para aquel alumnado que se encontre nesta situación. Na avaliación extraordinaria só se terá en conta a cualificación desta proba escrita. Para aprobar o alumno e alumna debe obter unha nota igual ou superior a 5.

No período mencionado, para aquel alumnado que superase a materia na avaliación ordinaria, proporanse tarefas de repaso e ampliación con vistas a afianzar conceptos importantes para o curso seguinte.

### **3.4. Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

**QUÍMICA:** O/a alumno/a que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada. Na avaliación extraordinaria só se terá en conta a cualificación desta proba escrita. Para aprobar o/a alumno/a debe obter unha nota igual ou superior a 5.

Durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria farase un repaso orientado a resolución de dúbidas e afianzamento de conceptos para aquel alumnado que se encontre nesta situación.

Para o alumnado que superou a materia na avaliación ordinaria proporanse tarefas con vistas á preparación da ABAU.

**FÍSICA:** O/a alumno/a que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada. Na avaliación extraordinaria só se terá en conta a cualificación desta proba escrita. Para aprobar o/a alumno/a debe obter unha nota igual ou superior a 5.

Durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria farase un repaso orientado a resolución de dúbidas e afianzamento de conceptos para aquel alumnado que se encontre nesta situación.

Para o alumnado que superou a materia na avaliación ordinaria proporanse tarefas con vistas á preparación da ABAU.

### **3.5. Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria na Educación Secundaria de personas Adultas no Ámbito Científico-Tecnolóxico (ESA).**

O alumno/a que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria deberá facer unha proba escrita extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación superada.

Esta proba escrita constará preguntas tipo test, de redacción e de resolución de problemas que recollerán os aspectos máis importantes de cada unha das avaliacións e estarán baseados nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. A valoración máxima da proba será de 10. Para superar esta proba, a cualificación debe ser igual ou superior a 5. O seu peso será o 90% da nota final.

Para este alumnado coa materia non superada, realizarase un plan de seguimento no que se fará entrega de boletíns e/ou fichas de traballo que serán corrixidas polo profesor. Estas actividades deberán ser feitas e/ou entregadas en tempo e forma segundo as orientacións do profesorado e o seu peso será o 10% da nota final.